

Concurso para os Equipos de Orientación Específicos

Especialidade	EOE	Prazas
Altas capacidades intelectuais	A Coruña Lugo Pontevedra	1 1 1
Trastornos xeralizados do desenvolvemento	Lugo Ourense	2 1
Discapacidade motora	A Coruña Pontevedra	1 1
Discapacidade sensorial	A Coruña Ourense Pontevedra	1 1 1
Trastornos da Conduta	A Coruña Pontevedra	1 2
Cubriranse todas as resultas que se produzan nos catro Equipos		

Prazas Ofertadas

É coñecida a **posición contraria da CIG-Ensino ao Decreto que regula a Orientación Educativa e á orde que establece a súa organización e funcionamento desde a súa primeiras negociacións**, tamén é coñecido que a Consellaría leva sen modificar a estrutura da Orientación Educativa en Galiza desde 1998, malia as constantes propostas e demandas feitas pola CIG-Ensino en todos estes anos e que nos consta son compartidas polo profesorado.

Tamén é de destacar que este concurso leva sen convocarse desde o 2018, e isto lévanos a velo como un concurso extraordinario, polo que solicitamos que se poida participar aínda estando no primeiro ano de destino definitivo.

Despois de todos estes anos, mantense unha estrutura provincial absolutamente insuficiente para atender todas as necesidades e demandas dos centros educativos. A CIG-Ensino demandou con insistencia que se tiña que ir a unha estrutura descentralizada e comarcalizada.

Dixemos xa en moitas ocasións que un primeiro paso debería darse coa creación de EOE en cada unha das sete cidades (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e

Vigo). Manter catro equipos, un por provincia, é unha estrutura obsoleta.

Como obsoletas son as prazas que existen nos EOE, ten que haber máis especialidades, faltarían prazas de Igualdade, saúde mental...

Ao respecto das vacantes temos constancia de que non se ofertan todas as vacantes existentes, como mínimo temos constancia da falta das seguintes:

A Coruña: 1 traballo social e 1 AL

Lugo: 1 AL e 1 orientación vocacional e profesional.

Ourense: 1 orientación vocacional e profesional.

Pontevedra: 1 orientación vocacional e profesional.

Non van cubrir as prazas de traballadores sociais xa que os cobren outras administracións.

Tampouco o van facer coas prazas de audición e linguaxe xa que hai especialistas nos centros.

Van transformar as prazas de orientación escolar ou vocacional noutras prazas que si lles solicitan.

Propostas ao articulado.

Terceira. Obriga de ter 2 anos de destino definitivo na praza actual. Mestres. Concurso Galego.

Cada vez que se convoca un concurso específico presentamos a mesma queixa: a discriminación

que se produce con aquelas persoas que veñen de obter un novo destino definitivo e que agora non poden presentarse a este específico.

Opinamos que non debe existir esa limitación nesta modalidade de concursos de méritos e que se arbitre un mecanismo para que poida participar todo o profesorado. [A administración este ano acepta a nosa petición, poderá concursar todo o profesorado aínda que non leve 2 cursos no seu centro definitivo.](#)

O profesorado do corpo de mestres está excluído desta convocatoria e a escusa da Consellaría é que o Decreto 120/1998 non o permite. Como noutras ocasións entendemos que, reunindo os requisitos de titulación, as mestras e mestres deberían poder optar ás prazas dos EOE.

Entendemos que para rematar con esta discriminación debe modificarse o Decreto.

Solicitamos que sexa un concurso limitado a profesorado con destino en Galiza.

Quinta. 3. Proxecto.

Como facemos en todos os concursos nos que é preceptivo presentar un proxecto demandamos que sexa obrigatorio presentalo no noso idioma. Tamén solicitamos que o proxecto teña unhas indicacións mínimas de que se vai avaliar; non chega coas cuestións de forma, ten que incluír unhas rúbricas para facilitar o labor tanto a quen realiza o proxecto como a quen o valora, reducindo a subxectividade e impedindo a arbitrariedade.

Oitava. Comisión de selección.

A comisión debe conformarse cun sorteo entre o profesorado de Orientación dos IES e dos propios EOE. Debe ter un carácter técnico pedagóxico e non administrativo ou político

Décimo quinta. Cobertura provisional de prazas.

A convocatoria mantén que existirá unha lista de posíbeis persoas para a cobertura provisional das

prazas e que dela formarán parte quen obteñan a puntuación mínima no proxecto. Xa está totalmente demostrado, como denunciámos reiteradamente na Mesa Sectorial que non abonda con esta medida. De feito, en ausencia de persoas que cumpriran ese requisito, a Consellaría ten optado por designar a outras persoas en comisión de servizos. Por tanto, propomos novamente nesta ocasión, que se cre unha listaxe con todas as persoas participantes no concurso de méritos e que a listaxe se ordene pola puntuación obtida nel, sen excluír ninguén.

A cobertura provisional das prazas ten que estar limitado ao remate do curso escolar e a praza debe ofertarse inmediatamente na seguinte convocatoria e isto debe aparecer expresamente no texto da convocatoria.

Solicitamos que esta cobertura provisional se leve a efecto tamén con baixas de longa duración.

Propostas da CIG-Ensino ao Baremo

Apartado 2.1. Actividades relacionadas coa Orientación Educativa.

Deberían recollerse tamén temas transversais, para que non haxa equívocos á hora de aplicar o baremo. As actividades formativas relacionadas coa orientación deben ter maior puntuación. Propoñemos que se incremente un punto até un máximo de 3. [Van aumentar a puntuación.](#)

Apartado 4.2.2 e 4.2.3 Titulacións.

Incrementouse a puntuación por titulacións de 1º ciclo pasando de 0,25 a 0,5, parécenos ben, pero tamén solicitamos que se aumente a de 2º ciclo até 1 punto desde o 0,5 proposto no borrador. [Van aumentar a puntuación do 4.2.3](#)

Apartado 5.1. Antigüidade como funcionariado.

Propoñemos incrementar 3 puntos até un máximo de 6.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago
☎ 981 57 68 00
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina 90
15007 A Coruña
☎ 981 169 810
acorunha@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal